## Libros para posobrigatoria







Volumes 1 e 2 da triloxía policíaca ambientada no Val de Baztán e protagonizada pola inspectora Amaia Salazar, da Policía Foral de Navarra.







O embuste das preferentes, a desaparición dun manuscrito de Cabani-llas.. Todo vale na novela negra galega.

***Só un libro (por Paula Carballeira para o Día Mundial do Libro 2013)***

Non sei que facer.
Miña irmá regaloume un libro.
Un libro.
Entre todos os agasallos que puido escoller, escolleu este.
Un libro.
Por que?
Que lle fixen eu?
Míroo e remíroo.
Sacúdoo, a ver se ten algo entre as follas, ademais de letras e debuxos.
Nada.
É só un libro.
Paréceme inútil, aí quieto, sen moverse.
Éntranme ganas de rompelo, de escachalo, de queimalo, de estragalo...
A ver se así reacciona.
Non.
Que vai reaccionar!
Espera.
O libro espera.
Non se decata de que son máis forte ca el.
Non se decata de que podería esnaquizalo se me deixase levar polo xenio.
Se cadra estase rindo de min.
Crerase moi importante por ser un libro.
Vouno abrir.
Teño curiosidade por saber que escribiron dentro del para que teña eses aires de superioridade.
Vaia!
Non está nada mal.
Empézame a caer simpático.
Tan caladiño, gardando a súa historia coma quen garda un segredo.
Ás veces penso que a miña irmá pode lerme o pensamento.
Era xusto o que eu quería.
Un libro.
Este libro.

# No Nadal agasalla aos que queres con libro galego

Porque...
Quen ben te quere,
farache ler.




Xosé Mª Díaz Castro

Letras Galegas 2014

**Equipo de Normalización Lingüística e Biblioteca**
**IES Terra de Soneira**
**Vimianzo**

## Libros para o 1º ciclo da ESO




Volve Astérix! O álbum 35 da colección promete una viaxe épica a Caledonia




Baltasar ten 11 anos e a súa vida está chea de dificultades. A chegada dun castiñeiro á praza cambiará o seu destino




Golfiño os seus amigos enfróntanse a una raza alieníxina que chega á Terra con propósitos inconfesables...

Antón ten que escoitar a música da natureza que o reclama para salvar o mundo. Contén CD.







Os mitos e as historias dos habitantes da antiga Gallaecia contados e ilustrados.

Silvana e a súa amiga Miranda acompañan ao pai da primeira á selva de Santaflorida...




## Libros para o 2º ciclo da ESO

Leo quere rematr os seus estudos universitarios cunha gran viaxe cos seus amigos... pero vai ter que facela soa.







Berenguela ten que destruír a poderosa Pedra de Lúa para salvar o reino de Landereina.

A estrea cinematográfica da 2ª parte d'O hobbit trae de novo á actualidade este clásico

